

NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLAECIA

ANO 5 | Edición nº 58 | Setembro de 2019 | Prezo 2 euros

Curtocircuíto,
dezaseis anos
buscando os
límites do
cinema



Páxina 9

A Selección
absoluta
feminina de
fútbol xogará
en Riazor



Páxina 10

Ríos
construírá un
parque
empresarial



Páxina 15

A Xunta
implicase no
parque
acuático para
O Pereiro de
Aguiar



Páxina 14



Colexio Nosa Sra. da Antiga, de Monforte, Ben de Interese Cultural

Páxina 12

Entrevista



Manuel Vilar, director do Museo do Pobo Galego

“Debemos actualizar o discurso do Museo e continuar a tradición de enlazar co pasado e mirar cara o futuro”

Páxina 8



ESCOLLE O TEU DESTINO



DESTINOS OCA

GALICIA Santiago de Compostela Cee Vigo Sanxenxo O Grove Ferreira de Pantón Sarria Foz Triacastela Palas de Rei Allariz Pobra de Trives Portonovo Vilalba Vilamor Polo	ASTURIAS Oviedo Gijón Avilés
CASTILLA Y LEÓN Burgos (próxima apertura)	
LLEIDA Vallbona de les Monges	
BRASIL Maragogi	

“OCA, CADENA HOTELERA GALEGA”

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O resgate marítimo é un deber absoluto

Penso que non lles estou a descubrir nada novo se lles digo que cada vez que fala a vicepresidenta do Goberno do Estado en funcións, Carmen Calvo, sobe o pan. Mais a última, manifestando que o buque Open Arms non tiña “dereito a resgatar” sobarda todos os límites da falla de empatía e da ética política, amais de constituir unha sinalada proba da súa ignorancia a respecto do Dereito Marítimo Internacional.

As normas aplicábeis son claras abondo, como poucas veces o Dereito. Tanto a Convención internacional para a seguranza da vida humana no mar (SOLAS) como a Convención do Dereito do Mar da ONU obrigan calquera buque de calquera bandeira a resgatar calquera persoa de calquera nacionalidade que se atope en situación de risco para a súa vida. E lle obriga levar estas persoas a un porto seguro.

Xa que logo, a obriga de resgatar

no mar é un deber absoluto e está por riba de calquera restrición que impoña calquera acto administrativo estatal. Porque os Tratados internacionais, daccordo o artigo 96 da Constitución, constitúen parte do Dereito aplicábel nada máis entran en vigor, por riba das propias normas estatais, xa que só poden ser reformados ou derogados daccordo cos propios procedementos previstos ad hoc en cadanseu Tratado.

Nunha situación como a do Mediterráneo central, no que levan morto 572 persoas no que vai deste 2019, a obriga de resgate non só é absoluta, senón continua e habilitante para case calquera caste de situación inimaxinábel. É máis, cumprirían ducias máis de Open Arms mentres a Unión Europea non enfrenta as obrigas que lle impón a normativa internacional de Dereitos Humanos. Considerando, ademais, que o concepto “porto seguro” non inclúe calquera outro que non pertenza á

Unión Europea porque na Libia subsiste a gravísima situación dos migrantes en tránsito e Tunicia non ten medios para atender a xeito estas persoas.

Vivimos nunha enxurrada de mensaxes políticas xenófobas, representadas nomeadamente polo líder extremista italiano Salvini que, porén, semella que vai fracasar no seu tentamento de anticipar eleccións, diante da intelixente manobra do primeiro ministro Giuseppe Conte ao lle opór un pacto entre o Movimento5stelle e máis o Partito Democratico. Mais a mala semente de Sal-

vini chegou tamén ao Estado español e non só ás fileiras do tripartito de extrema dereita, senón ao propio PSOE.

Porque as desaqueladas mensaxes da vicepresidenta Calvo e máis do ministro Abalos e o silencio de Pedro Sánchez amosan que o PSOE, que xa lle mercou á dereita o seu modelo territorial e o seu 155, está a lle mercar a súa política demagóxica e xenófoba contra as persoas migrantes.



Precisa Galicia dun imposto turístico?

O turismo constitúe xa unha das principais actividades económicas na Galicia, achegando 5M de visitantes (case dous visitantes por residente) que inxectan na nosa economía uns 6.400 M€/ano, o 11% do noso PIB. Cómpre asumirmos esta realidade. Mais por mór das nosas deficiencias á hora de captarmos turismo de fóra da península ibérica (pola falla de marca-país de noso e polas deficiencias do noso sistema aeroportuario) obtemos só unha media de 2,4 pernoctas fronte ás 3,5 á 4 doutros destinos no Estado e na Europa. O repto é o de acadarmos a sostibilidade turística, medrando máis o gasto por visitante.

Porque o problema é que estamos diante dunha saturación parcial. Velaí as medidas restritivas das visitas ás illas Cíes, á praia ribadense das Catedrais ou ao Pórtico da Gloria. O turismo de

peregrinación a Compostela é un modelo de éxito canto á dinamización dos Camiños Francés ou de Fisterra-Muxía. Mais presenta un grave problema de saturación en determinadas áreas do casco histórico compostelán, evidente entre a fin de semana anterior á Semana Santa e mediados de novembro. Tamén en Fisterra. E, fóra da dinámica do turismo de peregrinación, Sanxenxo ten xa problemas de masificación moi importantes.

Constituiría un imposto turístico unha solución a esta saturación parcial? Imposto, si, pois que unha taxa non é posíbel. Estas só poden gravar o uso dos bens de dominio público ou actividades de Dereito Público como os estudos universitarios ou as fotocopias dun expediente administrativo. Este imposto só podería ser creado polo Parlamento de Galicia, xa que os concellos non poden crear tributos.



O inconveniente é que estaríamos a gravar a pernocta, no canto do uso das infraestruturas ou facilities públicas. Mais é difícil facelo doutro xeito, medir a entrada doutra maneira. Si conviría tamén gravar, agora si con taxas, algúns servizos puntuais como os de uso de WC e duchas nas praias.

A chave é aplicarmos este imposto de xeito que sexa abondo moderado para non botar fóra ao turismo que interese, que penalice máis aos apartamentos turísticos e que se coordine cunha continuada acción inspectora

de detección e legalización dos aloxamentos turísticos non declarados.

O corolario, como opina o experto Rubén C. Lois, catedrático da USC e director xeral de Turismo do bipartito (2005-09) é destinar neutralmente a recadación a fins exclusivamente de reposición e mellora das infraestruturas ambientais ou viarias afectadas pola enxurrada turística, de xeito que os concellos poidan investir ou chequear o efectivo investimento dos recursos recadados polas pernoctas en cadanseu concello.

MARTIRENA

Por: Guillermo Rodríguez

Director



A longa canícula de 2019

Din que as desgrazas nunca veñen soas. Que se algo ten de estropearse que se estropea. Que a can fraco todas son pulgas. Que a onde irás boi que non ares.

En fin, podíamos estar ata pasado mañá botando man da sabiduría popular que esa si que é sabiduría. Obviamente, longos séculos a contemplan. Agora os gurús de calquera cousa (porque hai gurús para todo) preséntannos o futro cheo de incertezas, de posibles sutnamis que van levar por diante a pouca tranquilidade que se nos permite disfrutar. Porque aínda que vdes. o tomen a broma nós disfrutamos do que se nos permite. Sí, señores e señoras. Aquí e agora existen cenáculos, clubs especiais, organizacións de todo tipo que son os que teñen a sarten polo mango. A nós permítesenos de cando en vez poñer a tixola ao lume, botarlle un chisco de aceite e, se acaso, uns ovos ou bistecs (que xa non sabemos moi ben de que están feitos). Pode ser de vaca marela, pode ser artificial. Sí artificial. A ciencia avanza que é una barbaridade. Lembran? Pois non se extrañen de que nun “futur proche”, que dirían os franceses, na carnicería o una praza de abastos nos vendan bistecs artificiais, preparados nunha impresora 5G. Creo que é o non plus ultra.

Existen personaxes públicos que borrachos dun suposto poder xogan con nosco as canicas. Din que ou imos polo seu rego ou a baralla desaparece. Ou aceptamos que non hai mais mundo que o que nos ofrecen ou ben estamos condenados ao obstracismo, a miseria, a ser os novos escravos deste mundo, desta sociedade que chaman do benestar. Benestar de quen? Pero non nos poñamos

tráxicos e disfrutemos das farangullas que caen da mesa do señor, dos señores, confiando en que non estean envenenadas, que todo pode ser.

Se no eido alimentario xa non sabemos cando nos van mandar para o outro barrio; se cando merquemos una lata de conservas non teñamos a certeza de que son conservas ben conservadas, valla a cuasi redundancia, no eido político o mercadeo xa resulta insultante. A verdade é que necesitar,



Martirena

necesitar, non necesitamos demasiado dos políticos. Sí necesitamos que nos deixen vivir tranquilos; que poidamos erguernos cada mañá, abrir as fiestras e respirar ar fresco e puro; que os nosos pulmóns non se intoxiquen, que o noso organismo poida funcionar sen sustancias nocivas que nos chegan de calquera lado. Isto os políticos non o arranxan. Isto, o de poder vivir tranquilos e seguros non nolo aseguran. Logo, para que imos preocuparnos se temos ou non temos goberno.

Estes días `podemos ler, escoitar, ver todo tipo de situacións. Por una banda, porque isto vai de bandas (xa o dixeron no Parlamento e non gustou

nada), novos mesías chegan convencidos de que eles son o futuro. Un futuro que moitos de nós vivimos, sufrimos, soportamos sen poder abrir a boca para dicir basta. Para dicir nada, porque nada era o que se podía dicir naquel tráxico e lúgubre mundo. Preséntanse como salvadores, como mesías para rescatarnos da corrupción, do vicio, das costumbres abxectas. Isto non sería máis que una vaga de verán se non fora porque alguén que non pasou fame, alguén que non utilizou as cartillas do racionamento, alguén que non andivo descalzo e tiña por todo calzado de luxo unhas miserables zapatillas de esparto chega a crer que calquera tempo pasado foi mellor. Pican no anzol porque eles/as teñen presigo no prato, non precisan ir a pescar; só o fan com o divertimento, para mater o tempo que lles sobre e que non teñen onde empregar.

Temos tamén “a fortuna” de disfrutar de novos valores do mundo da política e da economía que saben de todo. Son listísimos; capaces, resolutivos, uns fenómenos. Din que se lles damos o PODER (non saben ou non queren saber que o PODER, con maiúscula, xa non o temos os pobres votantes). Nós somos os figurantes da obra maestra desta nova sociedade. Pidennos o voto para seguir cumprindo o seu triste papel de “convidados de pedra” á mesa dos que mandan.

Organizan seráns políticos, discuten do divino e do humano para, finalmente,

concluir: isto é todo o que podemos ofrecer porque mais non nolo permiten. Pero organizan uns cacaos de tres pares de narices. Ameázanse mutuamente. Erguense da mesa de xogo porque din que atoparon cartas marcadas. Aínda que xa sabían cando se sentaron que as cartas estaban marcadas, pero non polos trileiros da partida, non; estaban marcadas polo fabricante da baralla. Eles eran soamente unhas marionetas que facían o seu papel e, curiosamente, por ese triste papel estaban, están, ben pagados.

Os que temos que erguernos da mesa somos nós. Porque a nós nin sequer se nos atende cando reclamamos cousas tan evidentes coma ser atendidos por un médico cando estamos doentes e non esperar un ano a que nos digan que a nosa doenza xa non ten remedio. Xa está en fase de metástase. Sen embargo aquí estamos sufrindo, calados, algúns berran e entre os paus que lles dan e as multas que teñen que pagar acaban por calar tamén.

En fin, que esta canícula de verán tennos fritos. Non sei se decidirán que vaíamos a votar outra vez, e xa van cantas?, ou se acordarán repartirse a baralla e facer como se eles foron os gurús da partida. Están errados totalmente. Quen manda aquí non se chama nin Pedro Sánchez, ni Iglesias, nin Casado. Os que mandan xa mandaron recado tempos ha; xa lles dixeron ata onde podían estirar a perna fora da manta, so pena de coller un resfriado de carallo.

Vdes. traten de pásalo ben, se poden. Esquénzanse de todo este teatro. Os Velazquez, os Lorcas actuais son moi malos; non merecen que perdamos o tempo con eles.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.

T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho.**MADRID:** –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.**CANARIAS:** Fco. Puñal.**NOVA IORQUE:** Fco. Alvarez (Koki)**Fotografía:** Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

Opinión

Por Dr. Xosé M.^a Dios Diz, Médico

Os despropósitos do SERGAS e a administración sanitaria en Galicia

Que o Sistema Sanitario Público en Galicia adolece de recursos para ser mínimamente eficiente, é algo que sabemos todos e todas. Que os recursos que se dedican a Sanidade Pública, está claro que non chegan para satisfacer as necesidades dun País envellecido e disperso, tamén. Que os administradores que deberían xestionar os recursos non o fan ben, tamén. Pero, en que gasta a administración galega e o SERGAS os cartos de todos os galegos? A remodelación das instalacións de San Caetano (sede da Xunta de Galicia) en Compostela, onde traballan os responsables de que as contas en Galicia sexan para gastos de primeira necesidade, invertirán 40 millóns de euros na "remodelación" do exterior e interior da sede. Ademais, van facer un novo edificio administrativo, valorado noutros 20 millóns de euros (por que non someten a referendun si os Galegos queremos que se gasten eses cartos neses temas...? ou ben, en contratar

persoal sanitario para non ter as consultas masificadas e os retrasos tan evidentes, en primeiras consultas, probas diagnósticas e cirurxía).

Pero temos máis: o sr. Feijoo, acaba de anunciar a bombo e platillo, que van a aumentar as Unidades de Atención a Domicilio: con 15 médicos e 30 ATS: costará 2,5 millóns de euros, 1,3 millóns en persoal. A pregunta que nos facemos é a seguinte: si non temos persoal para cubrir as substitucións en Atención Primaria ("non temos médicos nin ATS": Feijoo dixit), cos resultados negativos que todos sabemos: como vai a contratar a ese persoal, e onde? Si lles dan un salario de miseria (como o recén creado pacto de contratación), unha estabilidade laboral inexistente e unha conciliación laboral e familiar imposible.

Pero seguimos: todos os que temos algo que ver no Sistema Sanitario Público Galego, solicitamos inversión en persoal, en substitutos e en recursos humanos...pois ben, o sr. Feijoo o que

responde é cunha inversión de 17,5 millóns de euros...EN MOBILIARIO!

Unha quinta parte do orzamento destinado a sanidade, destinase a cousas innecesarias nos países que conforman a Unión Europea (UE). Así o expón un recente informe da Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económico (OCDE), un traballo no que os expertos na materia reclaman reducir, o mínimo, os "gastos superfluos" co obxectivo de lograr que os sistemas sanitarios sean "máis efectivos". O documento entende que esta cuantía, que é "desperdiçada", debería ser "reassignada para un mellor uso". Tanto é así, que o organismo internacional entende que se poderían eliminar esta serie de gastos "sin menoscabar a calidade asistencial dos coidados os pacientes".

Galicia está entre as comunidades autónomas con peores servizos sanitarios, o caer tres postos, según o XV informe 'Los Servicios Sanitarios de las CC.AA.' da Federación de Asociaciones para la Defensa de la Sanidad Pública (FADSP): Baleares (72); Galicia (71); Andalucía (68), Cantabria e Murcia (66), son as CCAA cuns servizos sanitarios deficientes. O gasto sanitario por cada galego, (gasto per cápita) de

2018, foi de 1.429 €.

Como é posible que uns/has xestores da sanidade teñan cartos, para cousas importantes, pero non de primeira necesidade, e non os teñan (ou digan que non os teñen...) para algo tan básico como é o ben máis preciado que temos: a saúde; e ésta, quédase, unha vez máis, sin recursos.

Neste momentos estase NEGOCIANDO ca administración do SERGAS, no Consello Técnico de Atención Primaria de Galicia, o Novo Modelo de AP con 15 Comisións Técnicas Sectoriais, con 206 persoas nas Comisións, que están xa operativas e en funcionamento. Temos un prazo de 3 meses para resolver estas e outras cuestións que atañen o futuro da Sanidade en Galicia. De nós depende que as conclusións as que cheguemos en cada Comisión sexan postas en marcha pola administración. De ser así, o futuro pode ser esperanzador. De non facer caso a administración as propostas presentadas (como xa fixo outras veces...) volveremos ás etapas máis obscuras da sanidade e as mobilizacións encherán as rúas de novo, ca forza que xa tiveron en Vigo, en Compostela e nas Áreas Sanitarias que viron reducidos os seus servizos.

Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública.

Sobre as listas de agarda no Complexo Hospitalario de Santiago

Desde a Asociación Galega para a Defensa da Sanidade Pública de Galicia, queremos poñer en cuestión o informe da consellaría de Sanidade sobre as listas de agarda no Complexo Hospitalario de Santiago (CHUS):

No último informe sobre lista de agarda publicada pola Consellería de Sanidade, é sta informa de que "son os mellores resultados dos últimos 20 anos". Sen embargo cando, se analizan con detalle as conclusións, non coinciden coa autosatisfacción e autoestima manifestada polos xestores da Sanidade Pública en Galicia:

1.- Aumento da espera en probas de diagnóstico por imaxe e aumento da opacidade na información en probas oncolóxicas:

- Incremento da espera nalgúns probas diagnósticas con gran impacto para a saúde como o TAC (38,6%) ou a Eco torácica (164,3%) ou Eco de mama (12,4%).

- Desaparecen do cómputo da lista de espera de probas como o PET, SPECT e Rastreo Gammagráfico e a maioría das probas de Medicina Nuclear (excepto as Gammagrafías), sen informar e si se seguen realizando ou non e dos motivos para non informar sobre as mesmas.

2.- Producíronse incrementos importantes nas listas de primeiras consultas en numerosas especialidades :

- Aínda que a espera media mantívose practicamente igual que hai un ano (incrementouse en 0,2 días), a espera media incrementouse no 50% das es-



pecialidades (15 das 30 existente).

- Estes incrementos son especialmente moi importantes en Obstetricia (218,6%, Cirurxía maxilofacial (74,4%), Cardiología (53%), Cirurxía torácica (51%) e Medicina Interna (49%), algo que debería ser obxecto de estudo e explicación. Hai incrementos importantes en Dermatología (31%); Nefrología (26,6%); Neurología (41,1%);); Alergología (14,5%) ou Endocrino (17,4%) e así, ata 15 especialidades.

3.- A espera cirúrxica experimentou un forte incremento:

- Aínda que o SERGAS informa de

que descendeu... a realidade é que o tempo da espera media cirúrxica creceu no 60%: en 8 das 14 especialidades cirúrxicas.- Creceu tamén a espera media para as cirurxías de prioridade 1 e 2 (as máis urxentes e prioritarias, especialmente a de prioridade 1). A cirurxía de prioridade 1 incrementou a espera media (de 11,4 a 13,2 días) e a Cirurxía de prioridade 2 tamén incrementou a espera media (de 52,4 días a 54,4 días).

4.- É destacable o aumento da espera media para a asistencia sanitaria á muller (Eco de Mama, Obstetricia ou Xinecología).

Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

Agosto, mes tamén de memorias

Passou o mes de agosto e para nós, mes de recordos e de actos ao redor de xentes que loitaron pola Liberdade. Non chegan os actos de memoria agradecida a tantos heroes, aos Manueis do Exército Guerrilleiro, aos mártires de Palas e Melide, de Aranga e das tantas fosas que todos os anos recorremos lembrando, diante dunha pedra que perpetúe os nomes e as datas, a memoria. Sucede así en múltiples lugares arredados, na Santa Mariña de Guitiriz, aos da Lexía, os das gabias e arrimos, os dos abeiros dos cemiterios. Lembrar debemos aos que mataron no Campo da Rata levados do cárcere da Coruña, aos que obrigaron a tirarse no mar desde O Cabo Home, aos da Illa de San Simón, aos tantos e tantas das cunetas, aos de Vilarraso, aos do Acevo co Coman-

dante Moreno, aos de todas as demais fosas que son moitas e de tantas que nin sequera sabemos. Persoas tamén dos campos de concentración e de traballos forzados, naquel exterminio e castigo, naquel xenocidio que ecoa nomes e máis nomes, relatos inacabados. Mulleres e homes que marcaron a senda da dignidade e que ingratamente foron esquecidos. Nomes que ninguén nomea, nomes que non foron repostos na honra que merecen. Nomes de sindicalistas, de obreiros, de persoas do común que tiñan ideas e que crían nelas, defendendo a razón contra a senrazón, a forza, o medo. Nomes como o de Juana Capdevielle, Gayoso, María, Carme, Clementina, Manuel Ponte, Xosefa Barreiro, Seoane, Mercedes Romero, Francisco Mazariegos, Erundina Álvarez, Irmáns

Díaz Pan, Emilia Cabaleiro, O Asturiano, Carme de Miguel, Benigno Andrade, Virxinia Meilán, Díaz Baliño, Carme Sarille, Manuela Graña, Urania Mella, Marta Crespo, O Piloto, Henriqueta Gómez, Maruxa Mazariegos, Henriqueta Otero, Hortensia Mosqueira, O Gardarríos, ...este ano tamén debe haber memoria agradecida para Darío Rivas, aquel ao que lle mataron o pai sendo un neno, e que botou toda a vida buscando ata que con noventa anos atopou algo dos seus restos en Cortapezas, Portomarín, Lugo. Aquel que tamén iniciou "a querela arxentina" contra o franquismo. Aquel que dicía, con toda a razón, que aquí aínda non se respira a Liberdade porque estamos rexidos por unhas leis aínda franquistas. Aquel que dicía que a Illa de San Simón había que tomala e invadila, para que fose definitivamente da Memoria. Lembrade tamén a Chelo Rodríguez, a última guerrilleira de Galiza, hai pouco marchou aos

eidos das nostalxias. Morreu no exilio e case faría os centos. Sempre se mantivo firme diante dos que usurparon o poder e mataron, roubando calquera ilusión e esperanza. As palabras non abundan para definila, mais se queredes saber dela buscade nas redes "La isla de Chelo" onde conta a pé de cada recanto como foron os feitos, os non contados nos libros, os non tidos en conta. Veredes que persoa era a de quen estamos a falar. Sentide en gravación audiovisual a súa integridade, a pureza e transparencia daquelas persoas e o doado que é entender todo. Lembrade tamén milleiros de nomes. Todos son débedas que aínda temos na recámara da nosa frouxa memoria. Merecen a consideración que aínda non lles deron e a reposición do que lles pertence.



Homenaxe a Perfecto Feijóo

O boticario, musicólogo e gaitreiro Perfecto Feijóo Poncet creou en Pontevedra, en 1883, o primeiro Coro Galego. Chamábase "Aires da Terra". Con este grupo obtivo grandes éxitos tanto en Galicia como en Madrid e en Arxentina ata que desapareceu no ano 1915. É, polo tanto, Perfecto Feijóo o fundador dos Coros Galegos.

A desaparición de "Aires da Terra" provocou un baleiro que distintas persoas e grupos que lideraron proxectos para a creación de Coros Galegos á imaxe e semellanza do grupo pontevedrés desaparecido. Así, no primeiro cuarto do século XX, apareceron Coros Galegos en moitos lugares de Galicia - e mesmo de fóra dela-. Deses máis de trinta Coros Galegos soamente catro chegaron ata hoxe: o Real Coro Toxos e Froles de Ferrol, Cántigas da Terra de A Coruña, Coral De Ruada de Ourense e Cantigas e Agarimos de Santiago de Compostela.

O 31 de agosto de 1919 os Coros brindáronlle a Perfecto Feijóo unha grande homenaxe en agradecemento ao seu labor. Ás doce da mañá fixeron os Coros a súa entrada en Pontevedra. Ás catro da tarde, coristas e gaiteiros,

ataviados co traxe do país, toman asento nos escanos da casa do Concello. O homenaxeado preside o pleno e é agasallado cun pergameo en que o nomean Presidente de Honra. Feijóo remata a súa intervención con estas verbas:

Eu nada vallo, nin nada son, máis que un gaitreiro que ama de corazón as cousas da terra. Ante esta homenaxe que se me dispensa só sei dicir: grazas, moitas grazas, e teño que rematar convidándovos a que berredes comigo viva Galicia! Vivan os coros galegos!

Todos en pé entoaron o Himno de Pondal. Ás seis da tarde comezou a festa nunha abarrotada praza de touros

na que interviñeron a Banda Municipal de Pontevedra e os Coros Toxos e Froles de Ferrol, Cántigas e Aturuxos de Lugo, Agrupación Artística de Vigo, Cántigas da Terra da Coruña, De Ruada de Ourense, Foliadas e Cántigas de Pontevedra e Agarimos da Terra de Mondariz.

O sábado, 31 de agosto, os Coros sobreviventes (Toxos e Froles de Ferrol, Cántigas da Terra de A Coruña e De Ruada de Ourense), todos eles centenarios, xunto con Cantigas e Agarimos de Santiago, que foi creado en 1921, reúnen na emblemática praza da Ferrería de Pontevedra para lembrar a Perfecto Feijóo e ao Coro "Aires da Terra", con motivo do centenario da-



quela homenaxe.

Esta homenaxe conta co patrocinio do Consello da Cultura Galega e do Concello de Pontevedra.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

Galicia

Redacción SANTIAGO

O alcalde aposta por axustar o mapa escolar para reducir a maior presión de poboación infantil no sur da cidade

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, realizou unha visita ao CEIP Lamas de Abade coa conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar. O organismo autonómico está a executar no centro un novo edificio para 150 alumnas e alumnos.

A ampliación do CEIP Lamas de Abade vén a constatar unha realidade da que deron conta tanto o alcalde como a conselleira, que é o desprazamento de poboación infantil cara o sur da cidade en detrimento do norte. "No cómputo global non hai incremento de alumnado na cidade, pero temos un problema de desprazamento cara o sur, con colexios de máis de 400 alumnos/as", dixo, citando colexios con problemas de espazo como Quiroga Palacios, Roxos-Villestro ou Ramón Cabanillas.

Fronte a isto, apuntou Sánchez Bugallo, "o máis correcto é axustar o mapa escolar; senón habería que pensar nou-



tras fórmulas. Tamén a conselleira de Educación é partidaria deste "reaxuste" para "reducir a presión cara o sur".

Sobre a obra no CEIP Lamas de Abade, Carmen Pomar indicou que "vai ben e en tempo", coa confianza de que "o curso comece sen incidencias en relación ás interferencias da obra na actividade lectiva". A nova edificación, destinada a aulario de Infantil, contará cunha superficie total construída de 831,7 metros cadrados, con 6 aulas con aseo no seu interior, unha sala de usos múltiples, unha aula de

apoio educativo, unha aula exterior e un patio cuberto, así como con distintas salas de usos tanto administrativos como para as instalacións, almacenaxe e limpeza.

Para conectar o novo edificio co actual, a actuación inclúe a construción dunha pasarela acristalada.

Ademais, prevese a instalación dun novo ascensor no edificio xa existente, a ampliación da zona cuberta do patio e a conexión do novo aulario co parque infantil e co patio cuberto a través de rampas e escaleiras.

Posible proba de orientación do circuío Euro City Race en abril de 2020

O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, reuniuse coa presidenta da Asociación Correr e Pensar, Rosa María Pernas, e outros integrantes da entidade. Esta explicoulle ao redor os detalles da Compostela City Race, unha proba de orientación que a entidade pretende organizar en abril de 2020, co apoio do club deportivo da USC e da

Federación Galega de Orientación.

A Compostela City Race enmarcaríase no circuío Euro City Race, integrado por varias competicións de orientación en urbes europeas como París, Roma ou Barcelona. Estas probas teñen coma obxectivos principais a visibilidade e a difusión da orientación dende punto de vista turístico e deportivo.

"Soledad, a Poppins de Sar", un novo mural de gran formato en Romero Donallo

Estes días, o artista Joseba Murazábal está a rematar un mural de gran formato na fachada lateral dun edificio da avenida de Romero Donallo. O seu título, "Soledad, a Poppins de Sar", lembrando a unha muller de Compostela, xa falecida, á que o artista coñeceu grazas aos textos da súa neta, a escritora María von Touceda.

Dende os departamentos de Mocidade e da UMAC véñense desenvolvendo dende maio obradoiros con mozos e mozas, e realizando outros murais de gran formato coa colaboración de artistas como No-



venoel ou Miguel Peralta de Sestola na Cachola, co asesoramento de Mou, do colectivo Mutante Creativo.

A IV edición do Festival herDanza leva de novo o baile contemporáneo a espazos singulares

O Festival herDanza alcanza a súa cuarta edición do 2 ao 7 de setembro.

herDanza arrincará o luns 2 de setembro na Casa do Matadoiro, cunha sesión de cata de viño e maridaxe ás 20:00 horas. Ao día seguinte, no mesmo lugar, celebrarase unha conversa sobre "Intervencións en espazos non convencionais: danza e corpo en lugares singulares", con Merce de Rande e Beбето Cidra.

O mércores 4, a xornada comezará ás 17:15 horas, coa

intervención Dancentergala no CGAC, onde un cuarto de hora despois se proxectará o documental Fuera de escena e se conversará coa súa directora, Alejandra Aguirre. Logo, ás 20:00 horas, na praza de Salvador Parga, I love the microphone, un espectáculo de rúa con Rakhal Herrero. Pecha o día ás 21:15 horas, na Casa do Matadoiro, cunha conversa sobre "Expresionismo alemán: danza e outras expresións artísticas de principios do século XX", con Berta Secall Pons e Rosa Marta Gómez Pato.

O xoves 5, a danza trasládase ao parque de Bonaval (19:00 h), co espectáculo Danza líquida, de Rebeca Ponte e Carlota Pérez. Ás 20:00 h, a compañía Schattenidentität representa All the world is a stage na igrexa das Ánimas. Ás 22:00 h, na Casa do Matadoiro, proxectarase o filme Der grüne tisch La mesa verde.

A Fundación Granell acolle o venres 6, ás 19:00 horas, o espectáculo Saída de emergencia: sentir verde, con Milagros Bordones e Carlos Jesús García. Unha hora despois, na

igreja de Santa María Salomé, In the middle of the night, unha representación de rúa de Rebeca Carrera. E ás 22:00 horas, proxección de Tanzträume na Casa do Matadoiro.

A última xornada de herDanza, o sábado 7, terá xa pola mañá dúas propostas no Airas Nunes: a intervención Nais, de Lupe Carballo (12:45 h), e a presentación do libro

Teatro físico: la revolución de las formas, con Alfonso Rivera. Pola tarde haberá tres espectáculos: Sintonía 20, da compañía Sin Papeles (18:00 h, no Museo do Pobo Galego); Mostra da residencia de creación, con Beбето Cidra (19:00 h no CGAC); e Lloc Jox Xoc, de Santiago de la Fuente e Diego Buceta (20:00 h na praza de San Martiño Pinario).



COMPOSTELA

capital da infancia



Entrevista

Por Moncho Mariño

Manuel Vilar, director do Museo do Pobo Galego

“Debemos actualizar o discurso do Museo e continuar a tradición de enlazar co pasado e mirar cara o futuro”

Manuel Vilar (Muxía) declárase muxián do interior. Historiador de formación, arqueólogo de vocación, traballou no ensino e tamén para a elaboración da Guía dos Faros da Costa

da Morte. Chegou á dirección do Museo do Pobo Galego en maio de 2019, cunha nova visión do que debe ser o Museo cara a sociedade. Aterra sobre esta institución en plena reforma da mesma.

-Vostede foi elixido entre doce candidaturas como director do Museo do Pobo Galego. Ten unha vagaxe que vai desde a antropoloxía á etnoloxía e Historia.

Eu son historiador de formación, mais fixen cousas de antropoloxía aínda que nas universidades galegas non existen o título de antropoloxía. A min o que me interesaba era a arqueoloxía. Cando cheguei a Compostela, no primeiro curso escoitei unha conferencia de Antonio Fraguas explicando un sistema de vida, o rural, que para min era daquela algo moi presente. Iso na nosa facultade non se ensinaba. Cando acabou a conferencia, Fraguas preguntoume que quería ser, díxenlle “arqueólogo”. Entón díxome que un castro podería estar dous mil anos nun lugar e seguir outros dous mil se non o estragáramos. Logo cantou unha cantiga e dixo, “esta cantiga pode desaparecer e nós temos que dedicarnos a recoller o que a xente fai”. Iso e unha mala experiencia cun profesor de arqueoloxía, fago o que me agora fago, falar coa xente e recoller o que vou encontrando.

-E como leva a aterrxaxe dentro da dirección do Museo do Pobo Galego?

Considero que as aterrxaxes deben ser tranquilas, con calmas, mais agora mesmo no Museo temos un proxecto de ampliación dunhas salas, por iso debemos cumprir unha serie de prazos. Hai que baleirar

parte do edificio, buscar sitio onde colocar esas prezas e por tanto, é un traballo un tanto apurado, mais son puntos que pide a Administración e debemos cumprir.

-Foi elixido entre doce candidaturas, con que proxecto defendeu a súa candidatura?

Basicamente presentei o que pedían as bases. Era presentar a idea que tería sobre un museo. Había proxectos que pensaban nun museo centrado en aspectos concretos. O proxecto que presentei era a idea de como debera ser o Museo do Pobo Galego para a sociedade. Presentei ideas do que se pode facer e do que se debería facer.

-E cales eran os principais puntos da súa candidatura?

A primeira, que este museo é unha continuidade histórica que vén de atrás, desde o século XIX ata agora, querendo ter unha mirada cara adentro. Entón van ofrecendo unha idea de museo non determinada, como podería ser un museo de arte. A idea vai callando co Seminario de Estudos Galegos. Logo hai persoas que impulsarán este museo, sobre todo Xaquín Lorenzo e Antonio Fraguas. Entón, eu falo desa tradición, mais esa tradición hai que adaptala ao século XXI. Cando abriu o museo hai corenta e dous anos, era un museo de actualidade. Moitas das cousas que están aquí todos os galegos as coñecían, había unha memoria fresca do que eran as cousas. Hoxe vén xente nova e descoñecen o que son

as pezas que temos. Por tanto, debemos actualizar ese discurso e continuar a tradición de enlazar co pasado e mirar cara o futuro. Xunto a isto remarcamos que é un museo para a sociedade. Sen a xente non vén ou ve que non hai un discurso atractivo, perdería interese.

-Que engadiría para facer máis atractivo o museo?

Pois renovar o discurso museolóxico e etnográfico, a experiencia, porque os museos teñen que cambiar cada certo tempo, facelo máis atractivo. Ademais disto, hai que dar unha visión máis actual do que é a sociedade galega. Hai corenta anos a metade dos galegos e galegas vivían en aldeas, hoxe a maioría da sociedade vive en cidades. Os galegos e as galegas non son só de aldea, senón que hai xa unha importante poboación en cidades.

-E en concreto cales serían algúns puntos para a mellora do Museo do Pobo Galego dentro dunha cidade pequena cunha oferta cultural moi ampla?

Esa é parte da cuestión, pensar que é un museo de Santiago, cando é un museo que está en Santiago, podería estar noutro lugar, mais Compostela ten un valor determinado para os galegos e as galegas. É un museo pertencente a unha sociedade privada e cun padroado, por tanto debemos ampliar esa base de socios pero tamén abrírnos máis á sociedade, que a xente de calquera parte de Galicia



vexa que é un museo para eles. Debemos traballar máis con grupos escolares, a sociedade, por iso creo que debemos traballar moito cos medios sociais.

-Vostede tamén ten traballado sobre o Camiño de Santiago, sobre todo o que vai á Costa da Morte. Pensa que a espiritualidade cívica ao Camiño xa se perdeu?

Son tendencias, habería que definir que é espiritualidade. É un concepto adaptable aos tempos. Non é o mesmo a espiritualidade vivida no século XXI, que a vivida durante a Idade Media ou hai oitenta anos. Hai persoas que si a teñen e outras sepáranse do tema sacro ou relixioso. Penso que hai xente no Camiño por motivos relixiosos e outras persoas sen esa motivación. A cuestión é a incidencia nun só camiño, que podes ofrecer para saír da vida cotiá. Iso foi positivo a partir de 1993, pois a comezos

dos 90, cando buscábamos recuperar o camiño a Fisterra nin había camiño. Estaba abandonado e apenas o percorrían persoas. Hoxe está masificado e ao mellor é necesario recuperar outros camiños. Con todo, debemos lembrar que os camiños de Santiago, tamén eran camiños para a xente normal, para quen non peregrinaba. Hai outros elementos que non se recuperaron vinculados coa memoria das persoas que viviron arredor del e que formaron parte da historia e construíu esa paisaxe, aí estamos perdendo incidencia.

-Falamos dunha banalización do Camiño?

O Camiño puido ser sempre banal. Durante a Idade Media viña por romper coa monotonía de vivir sempre nun mesmo lugar. Querían ver outras experiencias e outros mundos e tamén era unha maneira doada de viaxar. Tamén porque estaba protexido, mais indo a outro

Continúa na páxina seguinte...

Curtocircuíto, dezaseis anos buscando os límites do cinema

Por Moncho Mariño

A decimosexta edición do Curtocircuíto, que se celebra en Compostela entre os días 28 de setembro e o 6 de outubro, consolida a presenza desta mostra cinematográfica dentro do panorama cinematográfico galego. A esta edición acode en premiere *O que arde*, de Óliver Laxe, fita que gañou o premio do xurado no festival de Cannes.

Pela del Álamo, director do Curtocircuíto, considera que este festival o mesmo que outros de longo percorrido “tivo diferentes ciclos e o importante é que nós fagamos que o evento evolúa cada ano pois o segredo está en evoluir e non conformarnos co que temos”. O motivo desta afirmación de del Álamo é que “o público sempre quere e necesitará algo novo, así que estou satisfeito mais non conforme porque creo que sempre hai que cambiar e pensar en novos modelos”.

Entre outras aportacións, Curtocircuíto recuperou imaxes do Equipo Lupa. “Foi algo especial pois por diferentes motivos non se puideran rescatar as imaxes para a exhibición pública, e o feito de que estean é unha grande noticia” di del Álamo. Con todo “foi difícil porque primeiro foi facerlle ver a Euloxio Ruibal cal é o valor das imaxes corenta anos despois, darlle a nosa perspectiva, ao mellor non era tan consciente do que significaba o seu traballo logo de corenta anos”. A recuperación das imaxes do Grupo Lupa “tivo moita



xente detrás como Margarita Ledo, Xan Gómez Viñas de Numax, que durante estes anos escribiron e investigaron sobre este cinema que agora seremos nós, xunto co Cineclube de Compostela, os que o sacaremos á luz”.

A colaboración co Cineclube de Compostela e Curtocircuíto para Pela del Álamo “é imprescindible para un festival público colaborar cos axentes culturais da cidade e por razóns evidentes, o Cineclube ten que ser o noso colaborador porque son un grupo autoxestionado cunha percepción do cinema de autor e autora incuestionable, para nós son unha referencia”.

Á parte da exhibición en salas, Curtocircuíto ten ademais unha parte pedagóxica sobre o cinema en centros de ensino. “Para nós é fundamental levar adiante estas accións en centros de ensino porque é a nosa obriga como festival público” destaca Pela, que engade “por unha banda é poñer un gran de area no audiovisual e tamén crear un público crítico, que

non vai ver o que lle ofrece a TV, senón filmes que lles axudan a cuestionar a vida desde outro punto de vista”.

Por último, o filme “*O que arde*” de Óliver Laxe, premio do Xurado no Festival de Cannes, proxectarase en pre-estrea o día 1 de outubro, en sesión especial no Teatro Principal de Santiago. Dicar que Laxe é o único cineasta galego e español que gañou premio en Cannes as dúas veces que se presentou. Por outra parte, o actor e actriz protagonistas da fita Amador Arias e Benedicta Sánchez, son actores non profesionais, habitantes da montaña luguesa.

En definitiva, a programación cinematográfica en Santiago e por extensión en Galicia, ten unha cita a finais de setembro e comezos de outubro co mellor cinema independente e de autor. Unha cita que mostra a mellor versión do que son os festivais públicos de cinema e a implicación do público no seu desenvolvemento.

Compromiso do Concello coa Asociación de Municipios do Camiño



O alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo, reuniuse coa Secretaría Técnica da Asociación de Municipios do Camiño de Santiago, encabezada polo seu xerente, Víctor López. Foi unha xuntanza de presentación da entidade e das súas accións en marcha ao redor compostelán, tras os cambios de goberno nas últimas eleccións municipais.

Sánchez Bugallo comprometeuse a “participar activamente” na Asociación e agradeceu o traballo das comunidades autónomas e concellos polos que pasa o Camiño.

Un obxectivo da AMCS, segundo o seu xerente, é seguir avanzando na harmonización das lexislacións das comunidades autónomas polas que pasa o Camiño. A Secretaría Técnica está a preparar a reunión da Xunta Directiva que se celebrará o 6 e 7 de setembro en Canfranc (Huesca). Ademais, lembrou que en outono se renovará a devandita Xunta Directiva, na que Santiago é o único municipio integrante que ten unha vogalía permanente.

A Asociación ten agora mesmo en marcha 35 proxectos, varios deles europeos, que supoñen investimentos de máis de 2 millóns de euros.

Entrevista a Manuel Vilar, director do Museo do Pobo Galego

... Ven da páxina anterior

lugar no Medievo, poderían asaltarme na viaxe.

-Tamén fixo traballos sobre camiños a Fisterra, mais parece que cada vez hai unha nova rota ou camiño.

Os camiños están aí, son necesarios para vivir. Agora teñen que ser xacobeos para ter certo éxito e un certo de-

senvolvemento económico. Eses itinerarios poden ser de moitas cousas, non só de peregrinación a Santiago, senón a outros moitos santuarios. Mais tamén son lugares paso, son maneiras de ler a paisaxe e ver a nosa historia.

-Teme que a industria do turismo arredor do Xacobeo

acabe privando de vivir ás familias na Zona Vella de Santiago?

Pode ser, o problema non é só a Zona Vella. O problema está en outras moitas cidades e vilas. Muxía e Fisterra, que se definen como vilas mariñeiras, hoxe por hoxe non son vilas mariñeiras, se vas alí non

ves mariñeiros novos ou vellos no peirao. Hoxe o mar está separado porque hai recheos e os mariñeiros son moi pouco. O que ves é unha masa humana doutros lados. A fisionomía está cambiando. O turismo non foi capaz de substituír as riquezas doutros sectores, a pesar de que tamén se pode vivir do

turismo sen afogar outros sectores. Un cronista de viaxes dicía que agora viaxamos aos lugares de onde a xente marcha, e iso está acontecendo aquí, veñen máis peregríns mais a xente vaise. Desde a Administración debería buscar unha concordia entre vivir ben e aceptar quen vén visitarnos.

Galicia

Redacción A CORUÑA

A Selección absoluta feminina de fútbol xogará o 4 de outubro en Riazor un partido oficial

A Selección absoluta feminina disputará o próximo 4 de outubro no Estadio Municipal de Riazor, na Coruña, fronte a Acerbaixán, o seu primeiro partido de clasificación para o Campionato de Europa Feminino da UEFA de 2021, que se xogará en Inglaterra. Tras varias xestións do goberno local da Coruña coa Federación Española de Fútbol a cidade albergará por primeira vez un encontro de alto nivel da selección española feminina no seu camiño por alcanzar o Europeo de Inglaterra.

Para o executivo que dirixe Inés Rey, que mantivo durante semanas a cautela nas nego-

ciacións para lograr que A Coruña sexa a sede deste partido, trátase dunha ocasión ineludable para potenciar o deporte feminino e para darlle a maior visibilidade posible. "Este partido será exemplo do apoio ao deporte feminino de toda a cidade e estou segura de que as coruñesas e coruñeses responderemos enchendo o campo para animar ás xogadoras da Selección".

Tras este partido no recinto municipal coruñés, as xogadoras de Jorge Vilda continuarán este ano o seu camiño cara á final de Wembley o 8 de outubro, en Praga, fronte á República Checa, e o 12 de novembro, en Polonia.



Tras a fase de clasificación, que continuará en 2020, os equipos gañadores de grupos e os tres segundos con mellor balance contra as seleccións clasificadas no primeiro, terceiro, cuarto e quinto posto nos seus grupos uniránse a In-

glaterra na fase final do torneo, mentres os outros seis segundos xogarán play-offs en outubro de 2020 para saber definitivamente que outras tres seleccións formarán parte dos 16 combinados nacionais que disputarán a fase final no verán de 2021.

Albada deberá retirar os rexeitos en Nostián

O Concello vén de notificarlle á UTE Albada un requerimento no que se lle solicita por vía telemática e en persoa a retirada de rexeitos acumulados desde abril na planta de Nostián no prazo de tres días naturais, tarefa que lle corresponde no contrato de concesión asinado e que se ratifica nunha sentenza de marzo de 2018. Pasado este período, se Albada non xestiona correctamente as preto de 12.000 toneladas que se calculan que hai de residuos de proceso e de afino, o Goberno local procederá a súa execución forzosa co obxectivo de liberar o espazo.

Os atletas con discapacidade funcional, sensorial e intelectual correrán a carreira C10

O concello deu un paso máis na súa aposta polo deporte inclusivo e os/as atletas con discapacidade sensorial, funcional e intelectual poderán participar na carreira popular C10 que se realizará o próximo 6 de outubro. Súmanse á categoría xa existente de atletas en cadeiras de rodas homologadas e, por primeira vez, tamén se lles aplicarán as mesmas categorías ás carreiras de menores.

A concellería busca potenciar a participación e contribuír desta maneira á práctica deportiva a todos os niveis, así como fomentar a sensibilización, o coñecemento e o respecto á diferenza. Desde Deportes insisten en sinalar que "running non é só correr; o deporte inclusivo é socialización, integración e motivación".

Organizada polo concello



e a Federación Galega de Atletismo, a máis soada das carreiras da cidade, percorrerá un circuito urbano de 10 km practicamente chairro e por asfalto na súa totalidade. Terá a súa saída na avenida da Habana e a meta estará no Paseo Marítimo, á altura do Palacio dos Deportes de Riazor.

As inscricións xa se poden realizar en liña a través da páxina <http://bit.ly/2MQDIRk> cunha cota de 5 euros ata o día 22 de setembro, e de 8

euros ata as 23.59 h do 29 de setembro.

As persoas participantes que queiran realizar a súa inscrición fisicamente poderán facelo ata o 21 de setembro no departamento de deportes de El Corte Inglés cubrindo unha folla de inscrición e aboando a cota de 5 euros.

Para as categorías de menores a inscrición é gratuíta e só teñen que cubrir o formulario en liña en El Corte Inglés.

O Concello finaliza a construción de beirarrúas en Nostián



A Concellería de Urbanismo e Infraestruturas anunciou que as obras de mellora do acceso peonil ao núcleo de Nostián se atopan no seu tramo final. A actuación, demandada pola veciñanza da zona, consistiu na construción dunha nova beirarrúa pola marxe esquerda da estrada de Nostián nun tramo de 650 metros de lonxitude.

A construción de beirarrúas na estrada de Nostián inclúe obras de reurbanización, co

canalización de pluviais cun colector de 400 mm de diámetro, coa correspondente execución de pozos, sumidoiros, canlóns e gabias drenantes onde for necesario. Finalmente, dispuxéronse tamén catro tubos de 110 mm de diámetro, coas súas correspondentes arquetas como canalización municipal, coa reposición dos puntos de luz afectados polos traballos e deixouse previsto que se podería ampliar a iluminación no tramo de actuación.

Composición do Goberno da Deputación

O presidente da Deputación, José Tomé, acompañado de deputadas e deputados do grupo provincial socialista, presentou a composición do Goberno dos vindeiros catro anos, planificado, subliñou, “para ser o máis útil posible á provincia, a través dos concellos e do tecido asociativo”. Así, a estrutura e designación de áreas de actuación teñen como obxectivos fundamentais “responder coa máxima eficacia ás necesidades dos concellos e dos veciños e veciñas e impulsar o

desenvolvemento da provincia a través do reequilibrio e a cohesión social e territorial”.

Tomé definiu ao grupo de deputados e deputadas socialistas como “un equipo sólido, cunha longa experiencia na gobernanza e xestión da administración pública na que acadamos resultados moi positivos nos nosos respectivos cometidos, e, sobre todo, temos moita iniciativa e ganas de traballar pola provincia con honestidade, eficiencia, diálogo, transparencia e proximidade á cidadanía”.

Ademais das funcións propias da Presidencia, como dirixir o Goberno e a Administración, representar á Deputación ou convocar e presidir os Plenos, entre moitas outras, José Tomé asume a área de Xestión Territorial, que inclúe as materias de Vías e Obras, Parque Móbil e Unidade de Proxectos. O presidente tomou esta decisión, segundo explicou, porque, “ademais de coordinar e dirixir o Goberno, quero implicarme directamente na xestión para impulsar e garantir o reequilibrio social e territorial do que falaba.



Equipo de Goberno para catro anos.

É unha cuestión á que lle vou prestar total empeño e dedicación, non só establecendo este obxectivo como directriz transversal en todo o Goberno,

senón dirixindo a área de Xestión Territorial, tal e como fixen no pasado mandato no Concello de Monforte, e parece que deu bo resultado”.

Industria apoia a internacionalización dos viños da Ribeira Sacra e dos adegueiros do Miño

A Consellería de Economía, Emprego e Industria apoia con máis de 90.000 euros os esforzos que en materia de internacionalización e promoción exterior que desenvolven o Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Ribeira Sacra e a Asociación de Adegueiros e Transformadores do Miño.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que ambas entidades son beneficiarias do programa Galicia Exporta Organismos Intermedios, co que o Goberno galego, a través do Igape, busca incrementar as alianzas comerciais das empresas galegas no exterior e ampliar as posibilidades de novos investimentos e acordos empresariais para a promoción dos seus produtos.

Ambos apoios, que están a desenvolverse nas anualidades 2019 e 2020,



enmárcanse nun dos sectores estratégicos da economía lucense, a produción vitícola que, nos últimos anos, pola calidade dos seus viños e augardentes e o maior eco que están a atopar entre os consumidores internacionais, representan un dos ámbitos con maior capacidade e potencial exportador e, polo tanto, este apoio contribúe a dar a coñecer os caldos producidos na nosa provincia en todo o mundo.

oportunidades de negocio e intercambio comercial que permitan a expansión exterior dos seus produtores.

Os viños que se cultivan baixo o amparo da denominación de orixe Ribeira Sacra gustan cada vez máis no estranxeiro. O pasado ano as exportacións creceron un 16% superando os 200.000 litros. O principal mercado é Estados Unidos, pero Finlandia, Rusia, Irlanda e China sitúanse como mercados emerxentes para as adegas da zona.

Ribeira Sacra

Polo que respecta ao Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Ribeira Sacra recibe unha achega de 14.800 euros, o 80% do investimento total previsto. A finalidade é dar a coñecer os produtos e as posibilidades das adegas que levan este selo coa meta última de acadar novas

Adegueiros do Miño

A Asociación de Adegueiros e Transformadores do Miño, con sede en Chantada, recibe unha axuda de 75.400 euros, o 80% do investimento total previsto. Esta entidade organizou con gran éxito, por exemplo as Xornadas de Internacionalización Galicia-Colombia destinadas a establecer contactos con importadores, medios de comunicación, distribuidores e outros empresas e institucións relacionadas co campo da viticultura, os augardentes, e a elaboración de galletas ecolóxicas (que son os tres principais produtos todos estes elaborados pola devandita Asociación).

O programa Galicia Exporta Organismos Intermedios é complementario ao Galicia Exporta Empresas, posto en marcha tamén ao abeiro da Estratexia de internacionalización da empresa galega 2020, e do que proximamente se fará pública a resolución das axudas da súa última convocatoria.

Reportaxe

Redacción LUGO

A Xunta incoa o expediente para declarar Ben de Interese Cultural o colexio da Nosa Señora da Antiga en Monforte

A Consellería de Cultura e Turismo publicou no Diario Oficial de Galicia a resolución pola que se incoa o procedemento para declarar ben de interese cultural (BIC), coa categoría de monumento, o colexio da Nosa Señora da Antiga en Monforte de Lemos (Lugo). Un inmobile da máxima relevancia histórica e artística, clave para comprender o desenvolvemento do Renacemento en Galicia e a historia do Concello de Monforte.

A información elaborada pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e os órganos asesores e consultivos, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega de Belas Artes, fundamentan o valor sobranceiro do colexio en dous piares argumentais.

Por unha banda, refírense á importancia deste no desen-



Busto orante do Cardeal Rodrigo de Castro, obra de Juan de Bolonia.

vvolvemento do Renacemento en Galicia, porque este proxecto permite falar do xurdimento dun segundo foco artístico distinto ao compostelán; ademais de ser clave para comprender a historia da vila de Monforte e o papel que tivo a casa de Lemos na configuración deste núcleo.

E por outra, destacan a importancia do mecenado ecle-



Colexio Nosa Señora da Antiga, en Monforte de Lemos.

siástico en España do século XVI e o proceso educativo impulsado polos xesuítas. Lembrando que, desde a súa fundación até a actualidade, o colexio segue a cumprir a mesma función: o ensino. En concreto, na actualidade Nosa Señora da Antiga alberga un centro educativo rexentado polos pais Escolapios.

Valores culturais

O Colexio de Nosa Señora da Antiga, tamén coñecido, entre outras denominacións, como Colexio do Cardeal ou Colexio da Compañía é un dos expoñentes máis significativos da arquitectura do clasicismo herreriano en Galicia. O inmobile amosa dunha forma tan clara e convincente as regras compositivas, formais e decorativas deste estilo que supuxo, en diversas ocasións, a súa adscripción errónea ao propio Juan de Herrera.

Entre os espazos sobranceiros, ademais da excepcional fachada que preside o Campo da Compañía, débese citar a igrexa e os seus retablos, así como a cúpula que cubre o cruceiro, a escaleira monumental e os seus claustros. Na mesma liña, cómpre destacar tamén a importancia e valor

cultural do seu museo e o rico patrimonio moble senlleiro que alberga, no que se poden atopar obras de artistas como El Greco, Andrea del Sarto ou Francisco Pacheco, ou documentos e patrimonio bibliográfico dos séculos XV e XVI relacionados cos mecenas do colexio, a Casa de Lemos e, posteriormente, a de Alba.

Historia construtiva

A construción do Colexio da Nosa Señora da Antiga comezouse a finais do século XVI por iniciativa do cardeal de Sevilla don Rodrigo de Castro. Os seus biógrafos describénolo como un humanista refinado, amante da arte e mecenas da cultura, e tamén como un personaxe implicado na vida da corte de Felipe II. Nun momento da súa madurez, decidiu crear unha institución filantrópica na cidade da súa infancia, Monforte, e doarlle a súa colección de obras de arte e biblioteca.

En 1586 comezou as conversacións para a creación do colexio cos Xesuítas, cos que mantiña moi boa relación e cinco anos despois encargou a compra dos terreos e ao ano seguinte as obras saíron a poxa. As obras do colexio co-

mezaron en 1593 co proxecto que redactaron Andrés Ruiz, un xesuíta da escola de Valladolid, e Vermondo Resta, o arquitecto do cardeal en Sevilla.

O inmobile estivo ao longo da súa historia relacionado coa función educativa, se ben pasou por épocas de maior ou menor esplendor. Incluso por etapas de decadencia relacionadas cos danos consecuencia do terremoto de Lisboa (1755), coa expulsión dos Xesuítas (1767), os saqueos das tropas francesas (1809) ou un incendio en 1824.

Xa en mans dos pais Escolapios, que se fan cargo do colexio no ano 1873, o edificio puido rematarse no primeiro cuarto do século XX grazas ao recoñecemento do valor e posterior venta dun dos cadros que constitúen a senlleira colección pictórica e de obras de arte do Colexio. O cadro, obra do pintor flamenco Hugo van der Goes, vendeuse ao goberno alemán por unha importante suma económica que permitiu rematar as obras entre 1919 e 1930 co apoio e supervisión da Casa de Alba.

Antecedentes

O procedemento para o recoñecemento do seu valor cultural iniciouse o 27 de setembro de 2016, cando a Fundación Colexio Nosa Señora da Antiga presentou unha solicitude de declaración de ben de interese



Estatua de Rodrigo de Castro no Parque dos Condes.

cultural do inmobile. Posteriormente, o 18 de maio de 2017, a Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia, acordou instar á Xunta para realizar os trámites para a declaración e a inclusión do Colexio de Nosa Señora da Antiga na relación de BIC do Goberno autonómico.

Neste punto, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural elaborou un informe específico sobre os valores culturais do inmobile e solicitou o parecer dos órganos asesores e consultivos. Tanto o Consello da Cultura Galega como a Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario amosáronse favorables á declaración, incluíndo algúns comentarios e informacións que foron incorporados ao expediente.



Igrexa que se consagrou o 4 de agosto de 1619.

José Tomé: “Afondar na historia e riqueza do Colexio do Cardeal fortalece a nosa identidade como pobo”

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, participou na apertura dos actos conmemorativos do IV Centenario da Consagración da Igrexa do Colexio Nosa Señora da Antiga de Monforte. Foi unha celebración impulsada pola fundación que rexe este conxunto monumental que, segundo Tomé, “está a servir para afondar no coñecemento dun dos buques insignia do excepcional patrimonio de Monforte, da Ribeira Sacra, do conxunto da provincia e do país, da súa importancia histórica, artística e cultural, pero tamén para fortalecer a nosa identidade como pobo, o que nos converte nunha sociedade máis unida e forte”.

Se ben o monumento, engadiu Tomé, “é un expoñente do noso gran patrimonio artístico, como o certifica o proceso que está en marcha para a súa declaración como Ben de Interese Cultural, o Escorial galego forma parte tamén do noso patrimonio emocional. O Colexio dos Escolapios é parte

esencial da nosa identidade e orgullo como monfortinos, do noso ser, porque é protagonista dos nosos records, da nosa vida diaria, e porque está cheo de vitalidade, pois segue sendo o berce no que se forma dende hai moitísimas xeracións unha parte do tesouro máis prezado que temos como sociedade: os nosos nenos e nenas”.

O presidente sinalou que ser acredores desta riqueza material e inmaterial “debémollos, dende logo a todos os homes e mulleres que levantaron, mantiveron e manteñen este conxunto monumental e este colexio en funcionamento, aínda que en primeira instancia debémollos ao impulsor e artífice da idea de poñelo en marcha, o Cardeal Rodrigo de Castro, que aínda non sendo de Monforte, deixou aquí o maior legado da súa traxectoria vital: este Colexio de Nosa Señora da Antiga”. O papel de Rodrigo de Castro como gran benefactor de Monforte, lembrou José Tomé, foi recoñecido pola cidade, que o distinguiu



Asistentes á celebración do IV Centenario da igrexa Nosa Señora da Antiga.

coa Medalla de Ouro a título póstumo con motivo do centenario do seu falecemento.

Neste senso, o presidente felicitou á Fundación Colexio Nosa Señora da Antiga por facer partícipe a toda a cidadanía do cuarto centenario da consagración da igrexa, non só coa programación que se desenvolve entre hoxe e o domingo, “senón coa intensa e gran labor previa de difusión da historia e características do colexio do Cardeal que ven desenvolvendo nos últimos

meses”.

Programa

A programación conmemorativa do cuarto centenario da consagración da igrexa de Nosa Señora da Antiga de Monforte iniciouse cunha mesa redonda sobre A Importancia Histórico Artística do Edificio de Nosa Señora da Antiga e o Valor Social dos Bens Patrimoniais, na que participou María del Mar Bóveda López, investigadora en ciencias da educación, experta en intervención e revalorización social do patri-

monio; Rosana Guerra Pestonit, Luisa Serrano García e María Dolores Lago Arce, redactoras do estudo documental para a declaración de Ben de Interese Cultural do Colexio do Cardeal; e Manuel María Chaín Pérez, subdirector xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura.

A continuación celebrouse un concerto na igrexa do colexio, a cargo do pianista Ernesto Maseda González. Os actos continuaron cunha xornada de portas abertas e a conferencia O Colexio de Monforte, unha intuición renacentista do Cardeal Rodrigo de Castro, a cargo do Pai Francisco Javier Agudo, xerente da Fundación Colexio Nosa Señora da Antiga. Logo Manuel Randulfe Jácome, director do conservatorio profesional de música Adagio, ofreceu un concerto. O programa rematou coa celebración dunha Eucaristía presidida polo bispo de Lugo, Alfonso Carrasco.

Patrimonio autoriza a reconstrución da nora do batán de Lousada

O Consello Territorial de Patrimonio Cultural de Lugo, organismo dependente da Consellería de Cultura e Turismo, acordou autorizar a obra de reconstrución da nora -ou roda de madeira- do batán de Lousada.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que o batán trátase dun forza dunha mecanismo singular destinado á transformación de tecidos abertos noutros máis tupidos, empregando para elo a corrente

de auga á beira da cal era construído este dispositivo.

“Estes elementos teñen un gran valor etnográfico e histórico xa que foron moi importantes hai décadas para o desenvolvemento do día a día da economía local, vinculada á fabricación de tecidos, malia que hoxe están en desuso”, dixo Balseiro.

A reconstrución da roda farase en madeira de carballo, e dará como resultado unha estrutura circular de 2 metros de diámetro disposta no extremo dun eixe, con catro ra-

dios e varias palas no borde exterior que, xunto coa forza da auga, fan fixar o conxunto accionando así os mazos de abatanaban os tecidos. As actuacións propostas procuran a posta en valor dun ben protexido reconstruíndo con fidelidade as pezas desaparecidas.

“Este proceso de reconstrución debe entenderse incluído nun máis amplo de reconstrución e posta en valor da ruta dos batáns de Xermade, que inclúen a creación dun centro de interpretación e diversos



Na foto de Antonio Riveira, interior do eixo.

paneis informativos e no que a Xunta tamén colabora con financiamento a través do Grupo de Desenvolvemento Local que achega 64.000 euros case o 80% do investimento previsto”, engadiu o delegado.

O batán de Lousada é un

ben protexido incluído como tal na normativa urbanística local vixente e no catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, e está protección afecta ao propio elemento individualmente singularizado e tamén ao seu contorno.

A antiga sede da escola taller de Monforte foi acondicionada

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, entregou os diplomas aos 20 alumnos traballadores que participaron no obradoiro dual de emprego de Monforte de Lemos, no que a Consellería de Economía, Emprego e Industria investiu 300.800 euros.

Acompañado polo alcalde do municipio, José Tomé Roca, Balseiro subliñou que o obradoiro proporcionou nos últimos nove meses experiencia laboral cun contrato de traballo aos 20 alumnos, e contempla a contratación de 8 dos participantes en empresas locais durante tres meses máis. O delegado salientou que os obradoiros son unha das ferramentas máis demandadas dentro das políticas de emprego da Xunta, xa que por un lado favorecen a adquisición de experiencia laboral a través dun contrato de traballo e por outro desenvolven obras ou

servizos de interese xeral e social para os concellos.

Alumnos

O Obradoiro de Emprego proporcionou formación e traballo práctico durante 9 meses a 20 alumnos, ós que hai que engadir o persoal que directamente estivo implicado no desenvolvemento do mesmo: 1 director, 2 docentes, 1 administrativo e 1 profesora de educación compensativa. Leváronse a cabo neste obradoiro dúas especialidades formativas, relacionadas co sector da construción: 12 dos alumnos desenvolveron traballos de albanería e os outros 8 encargáronse das tarefas de revestimento. O obradoiro foi finalizado por 16 alumnos, con dereito a diploma formativo, o que da conta do gran éxito alcanzado no mesmo. Os alumnos recibiron formación profesional ocupacional, segundo o plan formativo e en alternancia coa práctica profesional, de acordo

cos contidos establecidos para os certificados de profesionalidade que obtiveron destas ocupacións.

Durante o proceso formativo, os alumnos-traballadores recibiron tamén orientación, asesoramento e información profesional e formación empresarial. Para os que non alcanzaban os obxectivos da educación secundaria obrigatoria, aplicáronselles uns programas específicos coa fin de proporcionarlles unha formación básica que lles permitise incorporarse á vida activa ou proseguir os seus estudos nas distintas ensinanzas reguladas.

Ademais, coa finalidade de facilitarlles o acceso ás novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) incluíuse no programa formativo un módulo de iniciación á informática.

Impartíronse así tamén os módulos correspondentes a "Inserción laboral e técnicas



Alumnos e autoridades na clausura do obradoiro.

de busca de emprego", "Sensibilización ambiental" e "Sensibilidade na igualdade de oportunidades". Do mesmo xeito, recibiron formación en materia de prevención de riscos laborais correspondente á ocupación que finalmente desempeñaron.

En verbas do alcalde, José Tomé Roca, "o noso obxectivo foi que os participantes nos obradoiros de emprego adquirisen a formación profesional e a práctica laboral necesarias, a través da combinación de accións de formación en alternancia coa práctica profesional, e logo destes 9 meses e dado o éxito alcanzado, creo que o conseguimos."

Segunda fase

O Concello de Monforte xa presentou o pasado mes de

xuño á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a proposta para un segundo obradoiro, co obxectivo de continuar coas labores de recuperación deste recinto.

En concreto, a proposta presentada céntrase nos módulos 2 e 3, relativos ós baños e ós vestiarios, almacéns e outras aulas. Para elo, desde o Concello solicitáronse outros dous módulos formativos: albanería e o de fontanería, calefacción, e climatización doméstica.

O plantexamento didáctico e organizativo sería na mesma liña que o primeiro obradoiro desenvolto, contando co equipo docente e administrativo dos 5 postos descritos anteriormente.

Recoñecemento a atletas monfortinos polos éxitos acadados

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, recibiu a diversos deportistas monfortinos que colleitaron nos últimos meses e semanas diferentes éxitos nas modalidades en que compiten. A recepción a ambos colectivos de deportistas serviu para recoñecer publicamente o seu mérito e a importancia dos éxitos acadados. Por este motivo, cada un deles recibiu un trofeo conmemorativo personalizado, a monfortina Torre da Homenaxe. Deste xeito, o primeiro acto serviu para render recoñecemento e homenaxe aos seguintes deportistas: M^a Eugenia Martínez Oriola: en recoñecemento

polo primeiro posto conseguido no Campionato de España de Pitch&Putt para maiores de 30 anos celebrado en Xixón (Asturias) o 15 e 16 de xullo de 2019. Lucía Cabo Domínguez, Laura Rodríguez Cortiñas e Yasmín Díaz Iglesias: en recoñecemento polo primeiro posto conseguido no Campionato de España de Descenso de Augas Bravas na modalidade de patrullas clásica, celebrado no Barco de Valdeorras o 25 de maio de 2019. Jairo Salgueiro Montero: en recoñecemento polo primeiro posto conseguido no Campionato de España de Atletismo de menores, organizado pola Federación, na modalidade de

salto de lonxitude, celebrado en Segovia o 22 e 23 de xuño de 2019. Jairo Salgueiro Montero: en recoñecemento polo primeiro posto conseguido no Campionato de España de Taekwondo combate sub-21 celebrado en Valladolid o 6 e 7 de xullo de 2019. Jorge Soto Rozas, Fabio Dos Santos Salvador e Mauro Casas Rodríguez (este último finalmente non puido acudir a este acto de homenaxe): en recoñecemento polo primeiro posto conseguido no Campionato de España de Pesca Salmónidos mosca por equipos, celebrado en Burgos do 11 ó 14 de xullo de 2019. Raúl Esmorís López: en recoñecemento polo pri-



O acto celebrouse no Concello de Monforte de Lemos.

meiro posto por equipos conseguido no Campionato do Mundo de Billar Amateur celebrado en Las Vegas do 23 de maio ó 3 de xuño de 2019.

XIII Xogos

Tras este acto, celebrouse a recepción oficial, tamén no Concello monfortino, da delegación de deportistas que representaron á cidade do Cabalo nos XIII Xogos do Eixo Atlántico celebrados en Braga do 7 ó 12 de xullo de 2019. Os re-

sultados nos XIII Xogos do Eixo Atlántico, no que respecta ós/ás atletas monfortinos/as, foron os seguintes: Modalidade de Atletismo: Carlos López Moral: medalla de prata en 1.000 m. lisos e medalla de prata en Atletismo en ruta. Manuel Rodríguez: medalla de ouro en lanzamento de peso. Modalidade de Natación: Lucía Varela: medalla de ouro en 100 metros espalda. Modalidade de Voleibol: noveno posto do equipo.

Riós construírá un parque empresarial

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, trasladou ao alcalde de Riós, Francisco A. Veiga Romero, que o departamento que dirixe orientará e colaborará co Concello de Riós na tramitación necesaria para levar a cabo unha modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal para adaptalo á Lei do solo e en consecuencia, levar a cabo a construción dun parque empresarial de 30.000 metros cadrados.

Este foi un dos compromisos asumidos pola conselleira de Medio Ambiente durante unha reunión co alcalde de Riós, onde analizaron iniciativas e proxectos de interese para este municipio. Indicoulle que a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo asesorará e informará do procedemento necesario para que o Concello impulse dita modificación do seu instrumento de



Francisco Veiga Romero con Ángeles Vázquez.

planeamento urbanístico, co fin de facilitar o desenvolvemento de proxectos dentro do marco normativo actual.

O alcalde solicitou á conselleira información sobre os distintos plans e programas dos que dispón o Instituto Galego da Vivenda e Solo para facilitar a recuperación e rehabilitación de inmobles, co fin de habilitar vivendas a disposición dos veciños. Ángeles Vázquez recordou que

na actualidade está aberto o programa de axudas do fondo de cooperación, que ten por obxectivo financiar actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes. O prazo para a solicitude dunha axuda ao abeiro deste plan remata o vindeiro 1 de outubro e a Xunta puxo a disposición das entidades locais preto de 8,5 millóns de euros, detallou.

Castro Caldelas, Chandrexa, A Teixeira, Río e Montederramo clausuraron un obradoiro



Alumnado do obradoiro IV Caldelas cos alcaldes dos municipios afectados.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria entregou os diplomas aos 20 alumnas e alumnos que se formaron no obradoiro de emprego Caldelas IV que promove a Xunta coa colaboración dos concellos de Castro Caldelas, Chandrexa de Queixa, Montederramo, San Xoán de Río e A Teixeira.

O alumnado que se formou e traballou neste taller realizou labores forestais e silvícolas. Entre outras actuacións, levaron a cabo repoboacións e aproveitamentos forestais, tratamentos silvícolas, e traballos de recuperación e mantemento de montes comunais, así coma a construción de balsas para aprovisionamento da auga co uso de extinción

de incendios.

A delegada da xunta, Marisol Díaz Mouteira puxo en valor estes programas mixtos de formación e emprego que, segundo apuntou, incrementan a inserción no mercado de traballo dos seus participantes. Os obradoiros forman parte do compromiso da Xunta coa formación, xa que, segundo a delegada territorial, esta é a chave que pode abrir as portas a un futuro de oportunidades laborais. Marisol Díaz Mouteira indicou que se trata dunha iniciativa, enmarcada na Axenda 20 para o Emprego, que o Goberno galego leva a cabo en colaboración cos concellos e que, polo tanto, fomenta a cooperación institucional.

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO

DIARIO GALEGO-PORTUGUÉS DA GALLARCIA



C/ Ervedelo, 15 - ourense

☎ 988 23 44 99

698 14 82 07

VEN...
Promoción Especial

www.clubtosca.es

Sala de Fiestas Music-Hall

cerramos los domingos

A Xunta xa coñece as demandas de Vilar de Barrio

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Moureira, recibiu no seu despacho ao alcalde nacionalista do concello ourensán de Vilar de Barrio, Manuel Conde Gómez, novo rexedor desta localidade. O propósito deste encontro, como lle explicou Díaz Moureira a Conde Gómez, é “coñecer aos rexedores que exercen o seu cargo por primeira vez na provincia, co obxectivo de saber cales son as súas demandas e proxectos para os próximos meses”.

Esta xuntanza enmárcase nunha rolda de contactos cos alcaldes da provincia que a delegada territorial iniciou a mediados do pasado mes de xuño, logo da constitución das novas corporacións locais, co fin de facer balance da colaboración autonómica durante os últimos catro anos, así como analizar a marcha daqueles proxectos que o Goberno galego está a desenvolver neles.

Marisol Díaz na súa pri-



Marisol Díaz e Manuel Conde (BNG).

meira xuntanza co novo alcalde de Vilar de Barrio recordou os apoios de máis de 810.000 euros que a Xunta destinou a este concello, dos que case 380.000 euros foron a través de ordes de subvencións, máis de 325.000 euros vía convenios, e pouco máis de 105.000 euros achegados ao abeiro de outras actuacións.

Dos proxectos realizados en Vilar de Barrio que recibiron achegas do Goberno galego nestes últimos anos, Díaz Moureira subliñou os relativos a melloras en camiños municipais, a reestruturación parcelaria en San

Pedro de Maus, a repoboación e recuperación do potencial forestal danado en varios montes polo lume, equipamento de emerxencias para a asociación de voluntarios de Protección Civil e a posta en marcha de varios obradoiros de emprego conxuntamente con outros concellos, entre outras actuacións.

A representante do executivo autonómico en Ourense expresoulle a Manuel Conde o seu desexo de continuar a traballar de xeito coordinado coa Administración local para dar resposta ás demandas da veciñanza e mellorar súa calidade de vida.

O CEIP de Maceda terá ascensor o próximo curso



O elevador terá capacidade para oito persoas.

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional está a executar obras para a instalación dun ascensor no CEIP de Maceda, cun investimento de arredor de 45.000 euros. Con tal motivo a delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Moureira, desprazouse ata o centro educativo para supervisar o desenvolvemento dos traballos.

O edificio do CEIP de Maceda ten dúas alturas pero aproveita os desniveis do terreo onde se asenta, creando diferentes niveis no seu interior, o que dificulta a accesibilidade do alumnado con mobilidade reducida. Díaz Moureira indicou que diante desta situación e co obxecto de adaptar o inmovible á lei de accesibilidade e como medida principal para

a eliminación de barreiras arquitectónicas, a unidade técnica da Xefatura Territorial do departamento educativo decidiu propoñer a instalación do elevador.

Díaz Moureira, acompañada polo alcalde do municipio, Rubén Quintas, e a arquitecta da Xefatura Territorial de Educación, indicou que esta obra se executará ao abeiro do plan anual de obras de rehabilitación, ampliación e mellora (RAM) e que se realiza durante as vacacións de verán co fin de non interferir na actividade académica.

En Ourense, enmarcados dentro do programa RAM durante este verán executaranse obras en 30 centros de Primaria e 10 de Secundaria de 29 concellos da provincia por un importe global de preto de 1,4 millóns de euros.

Castro Caldelas recibiu da Xunta un millón de euros en catro anos

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Moureira, recibiu á alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega Núñez. Marisol Díaz lembrou que nos últimos catro anos este municipio recibiu do Goberno galego achegas por un importe de máis de 1,1 millón de euros. Así, as diferentes consellerías da Xunta concederon ao municipio de Castro Caldelas máis de 600.000 euros en materia de subven-



Marisol Díaz e Sara Inés Vega Núñez.

cións; case 360.000 euros en convenios; e máis de 210.000 euros pertencentes a outras actuacións.

ministración autonómica desenvolveu ou puxo en marcha, durante estes pasados anos, numerosos proxectos neste

A Ad-

concello como a reforma da Casa do Concello, a mellora de infraestruturas turísticas, acondicionamento do CPI Virxe dos Remedios, rehabilitación do firme da estrada OU-903 que comunica con Monforte de Lemos, actuacións no casco histórico dentro das axudas a ARI, distintas iniciativas relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais, así como a posta en

marcha de varios obradoiros de emprego conxuntamente con outros concellos.

Finalmente, Díaz Moureira fixo fincapé na importancia de continuar nesta nova etapa a colaboración institucional e brindoulle a Sara Inés Vega todo o apoio e diálogo da Administración autonómica para poder axilizar e desenvolver con éxito os proxectos municipais.

ESTREA IPHONE XR

SORTEAMOS 40!

2-30 SETEMBRO



**POR CADA 20€ DE
COMPRA NUN MESMO
TICKET PARTICIPA
NO SORTEO QUE SE
CELEBRARÁ O
8 DE OUTUBRO DE 2019.**

NON APLICABLE A GADISLINE.COM

GADIS



ADOP
Patrocinador
del Equipo
Paralímpico
Español

Galicia

Redacción

O PSdeG denuncia “o maior dispendio da historia de Ourense” tralo “enchufe masivo” realizado por Jácome e Baltar

O PSdeG-PSOE vén de denunciar o inaudito e histórico dispendio do bipartito de Baltar e Jácome, tras enchufar a dedo a medio cento de asesores entre o persoal de goberno e o de DO e PP, mentres manteñen á provincia sumida na parálise, no atraso e na suciedade. Os socialistas destacaron a cínica viraxe do alcalde, que desde a oposición criticou un suposto exceso de empregados públicos e o primeiro e único que está a facer é colocar a amigas, amigos e familiares dos seus empregados.

“Os bipartitos de Jácome e Baltar son os gobernos con máis asesores e máis caros da historia de Ourense pero os máis vagos”, denunciou o deputado Nacho Gómez antes de destacar que “están convertendo a Deputación nunha UTE só para colocar ós seus peóns”. “Temos un número insoportable de persoal eventual adicado en exclusiva ó bipartito e ós partidos desta UTE”, salientou Gómez quen advertiu dos altos

custes económicos duns gobernos “vagos” que “non convocarán plenos, por exemplo no caso da deputación, ata finais de setembro”. “Jácome xa non vai de látego de Baltar e mentres se abraza a el será o PSOE o único partido que exerza unha oposición real”, dixo.

Pacto

“Vemos como nomean a persoal eventual para asesorar proxectos estratéxicos importantísimos para esta provincia que, sen embargo, ós dous días pasa a traballar para un dos grupos da UTE, ou vemos tamén a un asesor que cobra 70.000 euros e que nin ten despacho”, destacou o deputado socialista antes de reclamar que se faga pública “a letra pequena do pacto PP-DO que aínda descoñecemos e que explica estas cousas”. “Seguro que hai asesores do PP que cobran menos e que preguntan por qué pasa isto”, dixo antes de recordar que o PSdeG-PSOE é o único partido que creceu en votos e representación pero

tamén é o único que ten “os mesmos ou menos traballadores”

A viceportavoz no Concello de Ourense, Natalia González, denunciou o “dispendio dos gobernos máis caros da historia co enchufe masivo de asesores”. “No Concello de Ourense é máis sangrante porque estiraron a convocatoria do primeiro pleno municipal só para aprobar este enchufe coma se fofamos unha cidade de 500.000 habitantes sendo a quinta parte”, detallou antes de afirmar que “estamos ante un incremento dun millón de euros do que habitualmente se adicada a este tipo de persoal no orzamento e que realmente van a pagar todos e todas os cidadáns, cando o actual alcalde sempre censurou uns cadros de persoal presuntamente excesivos tanto no concello como para asesoramento”.

Desprezo

González tamén criticou os desprezos de Jácome contra os traballadores municipais: “o PSOE vai defender sempre



Natalia González en rolda de prensa.

o traballo dos empregados públicos”, salientou antes de cualificar como “unha falta total de respecto á institución os comentarios do alcalde contra os funcionarios, porque se non houbera a capacidade de traballo e a responsabilidade destes funcionarios, non saería o traballo, xa que a clase política que ten pasado polo concello nestes últimos tempos deixa moito que desexar”.

“É unha cortina de fume

que o alcalde fale de mafias ou mazás podres e outros cualificativos do estilo sobre os empregados públicos”, dixo logo de reclamar “respecto”. “O único que pretende Jácome é facer unha crítica fácil para tapar a estafa electoral que lle fixo ós que confiaron nel e no PP, porque ninguén entende o que están a facer ante estes desfilfarros de cartos públicos sen poñerse colorados”, concluíu a viceportavoz.

Unha sentenza anula os resultados das eleccións sindicais en Coren

Unha sentenza do Xulgado do Social 4 de Ourense desestima a demanda presentada polo sindicato Grupo de Traballadores Coren contra o laudo arbitral que, xa no seu momento, anulou a constitución da mesas electorais do proceso. Agora, este novo fallo deixa sen efecto os resultados do proceso de votacións que tivo lugar o mércores, 31 de xullo, segundo indica o sindicato CIG.

A este proceso únicamente concorreu o mencionado sindicato, e a CIG subliña que o fallo é firme non cabendo

recurso contra el. Esta central indica que decidiu non presentarse “para non participar nun proceso fraudulento”, e engade que o que sostíña confirmouse un día despois das votacións co pronunciamento do Xulgado do Social. A CIG reclama para unha nova celebración do proceso, a inclusión na súa lista do traballador que foi defendido por isto, precisamente, segundo afirma, “xa que ou caso está xudicializado e, non caso de que ou despedimento sexa declarado nulo, as eleccións serían nulas porque non se lle permitiu participar”.

A CIG mobilizarase polo despedimento dun traballador

O acto de conciliación polo despedimento do traballador de Bétula Cars do Grupo Pérez Rumbao que se celebrou nos xulgados, finalizou sen avinza entre as partes, polo que haberá de ser a autoridade xudicial a que resolva o caso. Así o deu a coñecer o sindicato CIG, que sostén que o despedimento é nulo e que o traballador debe ser readmitido pola empresa. O sindicato denunciou o pasado día 1 deste mes que o despedimento produciuse despois de superar o traballador unha grave enfermidade, aludindo a empresa a que o traballador non superara

o período de proba a pesar de que, segundo o sindicato, levaba 8 meses traballando.

Tras a errada conciliación, o sindicato anuncia que convocará un calendario de mobilizacións a partir do mes de setembro reclamando a reincorporación do traballador. A federación de Industria da CIG en Ourense indica respecto diso que “non vai quedar sen resposta este ataque do Grupo Pérez Rumbao aos dereitos dos traballadores e traballadoras”, e subliña o feito de que o traballador “foi despedido nada máis reincorporarse despois dunha grave enfermidade”.

Baños de Molgas recibiu da Xunta máis dun millón de euros

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, recibiu no seu despacho ao alcalde do concello ourensán de Baños de Molgas, Xaime Óscar Iglesias Pérez. Marisol Díaz lembrou que nos últimos catro anos este municipio recibiu do Goberno galego achegas por un importe de pouco máis dun millón de euros. Así, as diferentes consellerías da Xunta concederon ao municipio de Baños de Molgas preto de 700.000 euros en materia de subvencións; case de 200.000 euros en convenios; e máis de 100.000 de euros pertencentes a outras actuacións.

A delegada indicou que as achegas da Administración autonómica posibilitaron a mellora e optimización enerxética de instalacións do alumeadado público, sinalización e fomento de accesibilidade nos recursos turísticos



Marisol Díaz con Xaime Óscar Iglesias.

do municipio, entre eles o Ben de Interese Cultural (BIC) de Santa Eufemia, mellora de camiños municipais e de infraestruturas de uso público, distintas iniciativas relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais, a creación dunha Casa Niño, saneamento e abastecemento nos núcleos de Pasaxe e Landeira, así como a posta en marcha de varios obra-

doiros de emprego conxuntamente con outros concellos, entre outras actuacións.

Díaz Mouteira expresoulle a Iglesias Pérez “todo o apoio, diálogo e cooperación da Xunta” co fin de obter a coordinación necesaria coa Administración local para dar resposta ás demandas dos veciños e veciñas deste municipio ourensán e mellorar súa calidade de vida.

Os alumnos de Terras da Castaña accederon a un posto de traballo

Un total de 20 alumnos formáronse nos últimos 9 meses, ao tempo que accederon a un posto de traballo, en actividades auxiliares en conservación e mellora de montes e en albanería de fábrica e cubertas, grazas ao obradoiro de emprego Terras da Castaña que promoveu a Consellería de Economía, Emprego e Industria en colaboración co Concello da Gudiña.

A delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira, acompañada polos representantes dos concellos participantes, José María Lago (A Gudiña), Francisco Veiga (Riós) e Martín Guerra (A Mezquita), participou no acto de clausura e entrega de diplomas deste programa mixto de formación e emprego, no que a Xunta investiu



Os obradoiros son unha iniciativa enmarcada na Axenda 20 para o Emprego.

case 295.000 euros.

Este tipo de programas céntranse na realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibilitan un traballo que, xunto coa formación profesional para o emprego, procura a cualificación profesional e favorece a posterior inserción laboral das persoas desempregadas que o realizan. Ta-

mén posibilitan que os participantes ademais de recibir formación tamén perciban o salario mínimo interprofesional.

Os alumnos que remataron o obradoiro realizaron labores de mellora silvícola, ambientais e forestais en distintas áreas de lecer e montes así como traballos de albanería en espazos pertencentes aos concellos participantes.

A Xunta implícase no parque acuático para O Pereiro de Aguiar



Visita do vicepresidente da Xunta.

Marisol Díaz Mouteira, delegada da Xunta, despachou co alcalde do concello ourensán do Pereiro de Aguiar, Luis Menor Pérez e reiterou o apoio total ao proxecto de parque acuático en Monterrei, pertencente ao Concello do Pereiro de Aguiar. Así a delegada territorial incidiu no compromiso do Goberno galego de promover un acordo coa Deputación para potenciar unha zona acuática neste complexo deportivo. Na actualidade se están a facer os pertinentes estudos de viabilidade e prevese que antes de que remate se concrete a extensión, servizos e prazos deste proxecto.

Lembroulle ao novo alcalde que nos últimos catro anos este municipio recibiu do Goberno galego achegas por un importe de máis de 4,5 millóns de euros. O Pereiro de Aguiar recibiu case un millón de euros en materia de subvencións; máis de 1,6 millón de euros en convenios; e preto de 1,5 millóns de euros pertencentes a outras actuacións.

As achegas da Administración autonómica posibilitaron a construción dun centro de saúde, actuacións de mellora de infraestruturas do parque empresarial, mellora do saneamento do municipio, a creación e implantación dun GES, a xestión e o mantemento do complexo deportivo e acuático de Monterrei, distintas iniciativas relacionadas coa prevención e defensa contra os incendios forestais, a mellora de estradas e outras infraestruturas, e a eliminación de puntos de vertido incontrolados, e outras actuacións.

Por outra banda, o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, realizou unha visita institucional a O Pereiro de Aguiar, onde se reuniu co alcalde, Luis Menor. No acto tamén participaron a directora xeral de Administración Local, Marta Fernández-Tapias, e a delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Mouteira.

Médicos hidrólogos de España, Francia e Italia participarán en Termatalia

Presentar novas investigacións en balneoterapia en distintos países e dar a coñecer os usos terapéuticos das augas termais para o tratamento de distintas patoloxías. Eses son os obxectivos da Sesión Científica sobre Hidroloxía Médica que se celebrará de forma paralela a Termatalia. Esta xornada celebrarase en Expourense o xoves 19 de setembro e está enmarcada no XIV Encontro Inter-

nacional sobre Auga e Saúde que reforzará unha edición máis o papel de Termatalia como centro de capacitación profesional internacional no turismo de saúde.

Colabora a Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago de Compostela, entidade que pretende ser o estímulo e motor do desenvolvemento e modernización da prestación balnearia de Galicia. Tamén, a Real Aca-

demia de Medicina e Cirurxía de Galicia cuxo presidente é o Dr. José Otero Carro que participará como un dos moderadores da xornada.

Coa organización dunha nova edición da Sesión Científica sobre Hidroloxía Médica, Termatalia mantén o seu firme compromiso por promover e difundir a necesidade desta disciplina médica e ratifica a súa colaboración as principais asociacións como a ISMH, a



Encontro internacional sobre auga e saúde en 2018.

Sociedade Española de Hidroloxía Médica (SEHM) e a Sociedade Portuguesa, en cuxos congresos anuais sempre está presente a feira como o foro

elixido para a presentación a profesionais do sector dunha trintena de países das últimas investigacións en balneoterapia nivel mundial.

SPORTUR
Galicia
II SALÓN DO DEPORTE
E TURISMO ACTIVO

15 e 16
novembro de 2019
Expourense
(Ourense | Galicia | España)

www.sporturgalicia.com

DEPORTE | VIDA ACTIVA
NATUREZA | SAÚDE